

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2025, da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de xefe/a de Sección de Medicina Física e Rehabilitación-Área de Rehabilitación Intervencionista e Procesos Ambulatorios, convocado mediante a Resolución do 14 de maio de 2025 (Diario Oficial de Galicia número 98, do 23 de maio).

Convocada mediante Resolución do 14 de maio de 2025 (DOG núm. 98, do 23 de maio) a provisión dun posto de Xefe/a de Sección de Medicina Física e Rehabilitación-Área de Rehabilitación Intervencionista e Procesos Ambulatorios, esta Xerencia, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 137/2019, do 10 de outubro (DOG núm. 208, do 31 de outubro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Orde do 22 de abril de 2020 (DOG núm. 82, do 29 de abril), de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, e o Decreto 134/2019 do 10 de outubro (DOG núm. 204, do 25 de outubro), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia,

DISPÓN:

Primeiro. Resolver a convocatoria pública para a provisión dun posto de xefe/a de Sección de Medicina Física e Rehabilitación-Área de Rehabilitación Intervencionista e Procesos Ambulatorios, convocado mediante a Resolución do 14 de maio de 2025 (DOG núm. 98, do 23 de maio).

Segundo. Nomear para o posto que se indica á persoa citada no anexo desta resolución.

Terceiro. O aspirante seleccionado deberá cesar na praza que desempeña dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles se son de distinta área



de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrito ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a condición de servizo activo, e os correspondentes haberes percibiranse de conformidade co que estableza a orde sobre confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Cuarto. Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de alzada, perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, nos termos establecidos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, 29 de decembro de 2025

Luis Verde Remeseiro
Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

ANEXO

Denominación do posto: xefe de Sección de Medicina Física e Rehabilitación-Área de Rehabilitación Intervencionista e Procesos Ambulatorios.

Nome e apelidos: Jacobo Formigo Couceiro.

DNI (*): ***0036**.

(*) Ocúltase parcialmente o número do documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal.

